

**ORDENANZA 3.08**  
**TAXA POLA LICENCIA DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**

**Artigo 1º. Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se regula pola presente Ordenanza Fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

**Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúeo a prestación dos servizos e a realización das actividades municipais desenvolvidas en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer:

- a) Concesión e expedición de licencias;
- b) Autorización para transmisión de licencias.
- c) Autorización para a substitución dos vehículos posuidores de licenza, voluntariamente ou por imperativo legal.
- d) Concesión de permisos locais de conductor.

**Artigo 3º. Suxeito pasivo.**

Serán as persoas físicas ou xurídicas, e as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

1. Para os supostos recollidos no apartado a) e b) do artigo anterior, a quen se outorgue a concesión ou transmisión dunha licenza.
2. Para os supostos recollidos no apartado c), aqueles que sexan propietarios dos vehículos revisados ou substituídos.
3. Para os supostos recollidos no apartado d), os solicitantes do permiso municipal de conductor.

**Artigo 4º. Responsables**

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Artigo 5º. Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, consonte á seguinte tarifa:

- |   |            |
|---|------------|
| a) Por inspección de vehículos con motivo da substitución de vehículos .....  | 13,85 €    |
| b) Por novas licencias ou transmisión das existentes cando a transmisión teña lugar por sucesión mortis causa a título de herdeiro..... | 354,20 €   |
| c) Por novas licencias ou transmisión das existentes no resto do casos.....   | 1.770,80 € |
| d) Permisos de conducción .....   | 13,85 €    |

### Artigo 6º. Obriga de contribuír

A taxa devégase no momento de solicita-la prestación dos servizos suxeitos a gravame.

### Artigo 7º. Normas de xestión

1. A realización de actividades e a prestación de servizos obxecto desta taxa levaráanse a cabo a instancia de parte, previa solicitude presentada no rexistro xeral acompañada do xustificante de autoliquidación e ingreso da taxa regulada nesta ordenanza.
2. O negociado de servizos básicos, mercados e trasportes emitirá o informe que xustifique a concesión ou denegación da licenza ou autorización correspondente e procederá á notificación da resolución ó interesado.

Só nos supostos de resolución denegatoria da concesión de nova licenza ou transmisión da existente, procederá a devolución do ingreso efectuado.

### Artigo 8º. Infraccións e sancións

No referente á calificación de infraccións tributarias, e a imposición das sancións que lles correspondan, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación